



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE DECEMBRO DO 2021

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna M^o Victoria Montenegro Paz.. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dn. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta minutos do día vinte e sete de decembro do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Aprobación se procede das actas das sesións dos días 23-11-2021 e 29-11-21.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que pediulle ao Sr. Secretario/a que modificara un par de puntos na acta do pleno do 23/11/2021 páxina 8, onde se fai constar que a Sra. Brage Otero *di que o voto é "neutral"* eu non dixen iso, de feito o noso voto foi en contra, o que dixen foi que é *"natural"* a postura se coñecía perfectamente, e no remate desa mesma páxina di "8 votos a favor do PSdeG-P.S.O.E. (7) e NAL (1), dúas (3) abstencións do P.P. e tres (2) en contra do B.N.G ", e eu estaba soa.

En canto a acta correspondente ao día 29/11/2021 eu non dixen que o lóxico e que se mercara en Ares que tamén, eu dixen que o lóxico é que a factura a pague o Concello de Ares, non a traballadora.

Remata a Sra. Brage Otero facendo esas puntualizacións.





Sometida a votación a aprobación das **actas das sesións dos días 23-11-2021 e 29-11-2021**, o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 2.- Dar conta da comunicación da voceira do Grupo Municipal do B.N.G. de asignación de Comisións Informativas dos seus integrantes.

Dáse conta da comunicación verbal da voceira do Grupo Municipal do B.N.G. de asignación de comisións informtivas dos seus integrantes de data 22 de decembro de 2021 do seguinte teor literal;

M. Carmen Brage Otero, con D.N.I. 32622429 B, como voceira do G.M. do BNG no concello de Ares, comunica o reparto de comisións entre os dous concelleiros que compoñen dito grupo:

COMISIÓN DE FACENDA E CONTAS
Titular: M ^a Carmen Brage Otero
Suplente: Miguel A. García Paz
COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE
Titular: M ^a Carmen Brage Otero
Suplente: Miguel A. García Paz
COMISIÓN DE CULTURA E EMPREGO
Titular: M ^a Carmen Brage Otero
Suplente: Miguel A. García Paz
COMISIÓN DE URBANISMO EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUCTURAS
Titular: M ^a Carmen Brage Otero
Suplente: Miguel A. García Paz
COMISIÓN DE PLANS E PERSOAL
Titular: Miguel A. García Paz
Suplente: M ^a Carmen Brage Otero
COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS MUNICIPAIS E SUGURIDADE
Titular: Miguel A. García Paz
Suplente: M ^a Carmen Brage Otero
COMISIÓN DE TURISMO, PATRIMONIO, EMPRENDEMENTO, MOBILIDADE E MEDIO AMBIENTE
Titular: Miguel A. García Paz
Suplente: M ^a Carmen Brage Otero
COMISIÓN DE DEPORTE, EDUCACIÓN, TICS E MOCIDADE
Titular: Miguel A. García Paz
Suplente: M ^a Carmen Brage Otero

O Concello pleno dáse por enterado





Punto núm. 3.- Aprobación convenio de colaboración entre os Concellos de Ares e Mugardos para dotación do servizo de auga ás vivendas da zona de Barallados (Ares).

Dáse conta do convenio de colaboración entre os Concellos de Ares e Mugardos para dotación do servizo de auga ás vivendas da zona de Barallados (Ares), do seguinte teor literal:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS PARA DOTACIÓN DO SERVIZO DE AUGA ÁS VIVENDAS DA ZONA DE BARALLADOS (ARES).

REUNIDOS

Dunha parte, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e concordantes do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril e Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro en nome e representación do mesmo, actuando especialmente autorizado para a sinatura do presente Convenio por acordo da Xunta Local de Goberno adoptado o día 14-10-2020

Doutra, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e concordantes do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril e Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro en nome e representación do mesmo, actuando especialmente autorizado para a sinatura do presente Convenio por acordo de

En base ás disposicións legais que habilitan a celebración do convenio, así como as competencias respectivas en materia de subministro de auga potable e a tipoloxía do convenio entre os previstos no artigo 47.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas; e a necesidade e oportunidade de celebrar un convenio, como un acordo entre as partes para consecución dun fin común de interese xeral.

Os intervinientes actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

EXPOÑEN





PRIMEIRO.- Que existe no Concello de Ares una zona limítrofe co Concello de Mugardos que carece do servizo adecuado de traída de auga, servizo do que si dispón a zona contigua de Mugardos, tal e como sucede na zona de Barallados (Ares), que limita coa zona de Simou (Mugardos) que si dispón de dito servizo.

SEGUNDO.- Que resulta inviable e moi custoso para o municipio de Ares establecer o servizo, polo xeral precario, do que conta en determinadas épocas do ano, pola contra na zona contigua de Mugardos si está xa establecido o servizo, co que resultaría fácil tecnicamente prestar ós veciños os servizos esenciais dos que carecen. Por facilidades técnicas é máis sinxelo a Mugardos dar o servizo a esta zona.

TERCEIRO.- Que o fin esencial dos municipios é satisfacer as necesidades dos seus veciños e prestarlles os servizos mínimos esenciais.

Que co obxecto de prestar os servizos ós veciños e de colaborar neste esforzo, ambas partes, tras oportunas negociacións, asinan o presente Convenio de colaboración para dotar do servizo de auga á zona de Barallados (Ares) de acordo coas seguintes estipulacións.

CUARTO. Que a finalidade do presente Convenio é o subministro de auga potable ás vivendas do Concello de Ares sitas en lugar de Barallados e limítrofe co Concello de Mugardos (Simou) aproveitando dito servizo que ten o mesmo en ditas inmediacións

QUINTO. A competencia para a sinatura deste convenio susténtase na seguinte normativa:

- Artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece, no seu artigo 25.1, que os municipios poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Xunto a esta declaración xeral de competencias a Lei enumera, no apartado 2 do citado artigo, determinadas materias respecto ás cales os Concellos deben ostentar competencias, e entre outras, a subministración de augas, cualificando, no artigo 26.1.a), o abastecemento domiciliario de auga potable como servizo de prestación obrigatoria por todos os Concellos.
- Así mesmo, o artigo 86 da referida Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, declara a reserva a favor das entidades locais de determinadas





actividades ou servizos esenciais, entre os que se atopa o abastecemento de augas. De conformidade co exposto, o servizo público de abastecemento de augas é un servizo público reservado legalmente á competencia das entidades locais.

- A citada Lei de bases de réxime local, no seu artigo 57, establece textualmente: “*a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou **convenios administrativos** que subscriban*”.
- Así mesmo, as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas regúlanse tamén na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, que establece no artigo 195, entre as formas de realizar esta colaboración, a subscripción de convenios.
- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.
- Que o municipio de Mugar dos dispón de rede xeral de abastecemento de auga potable limítrofe co lugar de Barallados (Ares).
- Que un obxectivo fundamental e prioritario para os dous concellos é prestar os servizos, non só os mínimos obrigatorios, a tódolos veciños, de xeito que dispoñendo calquera deles das infraestruturas necesarias para a súa prestación non quede ningún veciño dos municipios sen o servizo por razón da distribución ou exercicio de competencias dentro do propio termo municipal, dando así cumprimento á razón da súa existencia, que é prestar cantos servizos públicos contribúan á satisfacción das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e promover todas as actuacións que sexan necesarias para garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños.
- No marco dos obxectivos expostos, así como no de optimización dos recursos económicos das administracións locais, e entendendo que a fórmula máis idónea para prestarlles o servizo de abastecemento de auga aos veciños do lugar de Barallados de Ares, é a conexión da rede de abastecemento de Mugar dos (Simou), os concellos





asinantes acordan actuar de xeito coordinado e en colaboración para garantir que os veciños de Barallados dispoñan do servizo de abastecemento de auga potable, mediante o presente convenio segundo as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O Concello de Mugardos autoriza ó Concello de Ares a facer a conexión á súa rede xeral de traída de auga que discorre pola zona de Simou (Mugardos), co fin de que poda prestarse servizo ós veciños da zona de Barallas (Ares), que carecen dun adecuado subministro nesa zona.

Dita conexión contará cunha válvula de corte, un limitador de caudal e un contador.

SEGUNDA.- Tódolos gastos de conexión e entronque coa rede xeral de Mugardos correrán a cargo do Concello de Ares. A alta no servizo e o pago do consumo efectuarase polo Concello de Ares ao Concello de Mugardos de acordo coas tarifas e normas da correspondente ordenanza fiscal incrementado na porcentaxe necesaria en cada momento ós efectos de cubrir ata o 100% dos custos derivados polo servizo ou actividade.

TERCEIRA.- O Concello de Mugardos estará capacitado para tomar as medidas correctoras que sexan necesarias para garantir o correcto funcionamento do sistema, ou que dito subministro a Ares puidera supor una falla de subministro ás vivendas próximas de Mugardos, ante o cal a prioridade de subministro sería garantir ás vivendas de Mugardos, sen ningún tipo de responsabilidade ou contraprestación ao Concello de Ares que entende que nalgún momento non fose posible dar servizo a todas as vivendas por motivos técnicos, falta de presión ou avarías na rede.

CUARTA.- O Concello de Ares a través da nova conexión dará uso a aproximadamente vinte (20) vivendas situadas en Barallados (Ares) non podendo usala para outros fins que os manifestados neste Convenio, sen detrimento de que se negocie outro convenio distinto para outro fin ou se faga una adenda a este sempre que ambos Concellos así o manifesten por escrito e así quede convenientemente autorizado. O incumprimento desde punto suporá a anulación de dito convenio e a desconexión da rede, volvendo a situación anterior a da sinatura deste documento.

QUINTA.- Prazo para a súa execución e vixencia.

Os compromisos adquiridos nas estipulacións primeira e segunda serán realizados polos





respectivos Concellos no prazo máximo de 6 meses, contados dende a entrada en vigor do presente convenio.

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura, sen prexuízo da súa aprobación/ratificación polo órgano competente de cada concello, e estenderá a súa vixencia polo prazo de catro anos podendo ser prorrogado por catro anos adicionais unanimemente ou de mutuo acordo antes do seu vencemento.

SEXTA.- A liquidación dos metros cúbicos subministrados será realizada mediante liquidacións trimestrais emitidas polo Concello de Mugardos, de acordo coa lectura do contador instalado, e segundo a ordenanza fiscal correspondente.

O pago dos recibos farase directamente polo Concello de Ares ao Concello de Mugardos, a través do procedemento establecido ao efecto na ordenanza fiscal vixente en cada momento ou procedemento que designe o Concello de Mugardos.

SÉTIMA.- O Concello de Ares comprométese a aceptar a revisión das tarifas e a forma de pago que se establezan por parte do Concello de Mugardos polo subministro que se establece neste convenio e nas ordenanzas fiscais correspondentes incrementado ata o importe do 100 do custe do servizo..

Si por calquera causa o contador estivera avariado, sendo imposible a medición do consumo, facturarase a media dos consumos rexistrados polo contador nos últimos seis meses.

OITAVA.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento, interpretación, resolución de controversias e control deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento, integrada por un representante de cada Concello.

Esta Comisión actuará sen prexuízo das competencias que legalmente lle correspondan ás partes.

NOVENA.- Natureza xurídica e xurisdicción competente.

O presente convenio ten carácter administrativo. Tódalas cuestións que se susciten sobre a súa aplicación, interpretación, resolución de controversias e efectos, e non resulten resoltas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Extinción.





Por mutuo acordo das partes poderase resolver o presente convenio, na súa totalidade ou parcialmente, así como anovar o mesmo subscribindo novo acordo de novación coas mesmas formalidades que as do presente convenio, entendéndose por novación a modificación substancial de aspectos non previstos nas súas estipulacións.

Extinguido o convenio polo cumprimento de seu prazo de vixencia ou por mutuo acordo, procederase pola comisión de seguimento, que seguirá en funcións, a determinar a liquidación das obrigas económicas de cada Concello.

E para que así conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e con un só efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que é un convenio de facto, igual que o Concello de Fene está a subministrar auga nas zoas máis altas de Ares, é certo que ca entrada en funcionamento dos Castros o subministro dende Fene minorouse moitísimo porque agora temos 800 metros cúbicos de auga nos depósitos dos Castros, dende Fene subministrase a parte de Caamouco pero moito menos que antes coa posta en funcionamento dos depósitos. O subministro de auga polo Concello de Mugardos é na zoa máis preto a Mugardos que é Barallados, porque tamén é unha zoa moi alta en inverno non teñen problema pero en verán si polo tanto, é a formalización dunha situación xa de facto levamos efectivamente con ela dende o verán pasado.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que dende o BNG é unha boa opción chegar a acordos cos concellos limítrofes para a prestación de servizos da veciñanza aproveitando a conxuntura poderíase fundar servizos mancomunados que resultarían rentables a todas as partes, sobre todo tendo en conta que Ares ten unha fronteira co Concello de Mugardos de máis de seis kilometros e si que se podería ter en conta por exemplo para a recollida do lixo, auga, alumeadado público poderíase chegar a acordos, parécenos unha boa idea que aceptamos por suposto e que estamos totalmente a favor e incluso unha opción, ou unha opinión tendo presente que agora Barallados vai a depender totalmente de Mugardos.

Interrompe o Sr. Alcalde aclarando que só en Mugardos, dous meses.





Continúa a Sra. Brage Otero manifestando que é igual, poderíase facer cargo totalmente o Concello de Mugardos.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que o Concello de Mugardos non podería facerse cargo porque as tubarias son titularidade do Concello de Ares, o subministro vai polas nosas tubarias, outra cousa é que eles fagan unha extensión da rede como fixemos nós en Seselle de arriba, Seselle de arriba é Mugardos, pero a inversión a fixo Ares e lle da auga a Ares polas tubarias de Ares, aí cobra a auga Ares, pero en Barallados co tema de Fene eles subministranos auga no límite e logo xa subministramos nos coa nosa infraestrutura polo tanto temos que cobrar nós, e xa digo que en Seselle de arriba cobramos nós porque as tubarias son nosas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que este tipo de convenios co Concello de Mugardos veñen facéndose dende fai moitos anos e cada vez faranse máis, eu creo que ao final acabaran fusionándose os dous concellos aínda que nós non o veremos, no futuro será o máis lóxico, se o Concello de Mugardos e o Concello de Ares perde poboación haberá que unir concellos pola melloría do administrado será facer convenios e abaratar custes en servizos, como xa dixeron os convenios cada vez son máis frecuentes é natural que isto sexa así beneficiándose uns de outros, tanto a zoa alta de Seselle como a de Barallados é normal que teñan servizo, non soamente dous meses senón de forma definitiva, ao final acabaremos sendo un só concello que é o máis lóxico e fusionando servizos, o alumeadado público a mancomunado xa está a facer servizos nós creemos que é a política correcta e polo tanto ímola a apoiar.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que Augas de Galicia xa está a facer un proxecto para que Mugardos, Ares e Fene tomemos o auga do Eume, hai unha instalación na Capela que nos permitiría ter auga dende una zona alta por presión polo que nos aforrariamos todos os bombeos porque desde a Capela chegaría o auga a Chanteiro sen necesidade de bombear, non só é una iniciativa positiva porque efectivamente ese embalse e co lago das Pontes é unha pena que se perda o cauce ecolóxico loxicamente hai que mantelo, pero hai auga de sobras. Entraría tamén o tema da tubaria das Pias que EMAFESA se nega a arrancar e o problema que aparece periodicamente mas Forcadas que cando baixa o nivel aparecen as algas verdes que fan que a auga se contamine en consecuencia os Concellos de Fene, Ares e Mugardos estamos na mente de Augas de Galicia nun proxecto para cambiar o subministro de auga, deixar





EMAFESA e pasar a servirnos do Eume nun punto concreto da Capela de onde xa hai una instalación e habería que ampliála.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención, non hai.

Sometida a votación a **“Aprobación convenio de colaboración entre os Concellos de Ares e Mugardos para dotación do servizo de auga ás vivendas da zona de Barallados (Ares)”** o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 4.- Resolución licitación do servizo de axuda no fogar.

Dáse conta das actas da mesa de contratación de 15 e 20 de decembro de 2021 do seguinte teor literal:

Primeiro.- Declarar a validez da licitación.

Segundo.- Vistas as actas da mesa de contratación de 15 e 20 de decembro de 2021 do seguinte teor literal:

“ACTA DA REUNIÓN CELEBRADA POLA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE ARES O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2021”.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as 12,30 horas do día quince de decembro de dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto reúnese a Mesa de Contratación baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO, con asistencia dos Sres. Membros seguintes: PRESIDENTE: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. Alcalde-Presidente Concello de Ares. SECRETARIO: D. JOSE ANGEL CARBALLO FEIJOO, funcionario Administrativo do Concello. VOGAIS: D. ALFONSO PORTELA MARTINEZ. Técnico Municipal. D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ. SECRETARIO-XERAL DO CONCELLO.

Asiste como Técnica do Area a Coordinadora de Servizos Sociais do Concello DÑA. LUCIA REGUEIRA MARTINEZ. Asemade faise constar que asiste o Informático do Concello D. RUBEN OZORES OMIL co obxecto de dar soporte técnico.

O obxecto deste acto é dar conta do Informe Técnico elaborado pola Coordinadora de Servizos Sociais en relación coa puntuación do sobre b e a tal efecto faise constar que segundo dito





informe o cal figura unido ó expediente de contratación a única empresa licitadora SERVICIOS SOCIAIS VIRXE DO CARME S.L. acadou unha puntuación nesta fase de 22,12 PUNTOS.

Acto seguinte e de Orde da Presidencia procedese á apertura do sobre C correspondente á oferta económica e Melloras co seguinte resultado: PLICA NÚM. 1 E ÚNICA.- Presentada por D. José Manuel Durán Rodríguez con D.N.I. núm. 32.699.229-Z, quen actúa en nome e representación de SERVICIOS SOCIAIS VIRXE DO CARME S.L. con C.I.F. núm. B70028832, o cal presenta a seguinte oferta económica: 15,39 euros máis IVE de prezo/hora, tanto para horas ordinarias como para horas extraordinarias, sendo o prezo final con IVE engadido de 16,01 Euros.

No apartado de Melloras oferta as seguintes:

- 10 unidades de camas articuladas. - 5 unidades de cadeiras de rodas.
- 5 unidades de guindastres. - 5 andadores.
- 10 unidades de colchón antiescaras.
- 5 unidades de cadeiras ducha-baño.
- 5 pares de muletas.

Asemade ofrece como mellora 80 horas anuais adicionais sen custo para o Concello. 200 horas horas de fisioterapia. 143 horas de servizo de limpeza extraordinarias.

Á vista do cal a Mesa de Contratación por unanimidade acorda dar traslado da presente oferta á Coordinadora de Servizos Sociais para que emite informe valoración da mesma conforme os pregos de prescripcíones que rexen a presente Contratación. E non sendo outro o obxecto deste acto e sendo as trece horas e dez minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario certifico.”

“ACTA DA REUNIÓN CELEBRADA POLA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE ARES O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2021”.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as 11,45 horas do día vinte de decembro de dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto reúnese a Mesa de Contratación baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO, con asistencia dos Sres. Membros seguintes: PRESIDENTE: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. Alcalde-Presidente Concello de Ares. SECRETARIO: D. JOSE ANGEL CARBALLO FEIJOO, funcionario Administrativo do Concello. VOGAIS: D. ALFONSO PORTELA





MARTINEZ. Técnico Municipal. D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ. SECRETARIO-XERAL DO CONCELLO.

O obxecto deste acto é dar conta do Informe Técnico elaborado pola Coordinadora de Servizos Sociais en relación coa puntuación do sobre C e a tal efecto faise constar que segundo dito informe o cal figura unido ó expediente de contratación a única empresa licitadora SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DO CARME S.L. acadou unha puntuación nesta fase de 11,40 PUNTOS. Sumada a puntuación obtida no conxunto do proceso única empresa presentada SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DE CARME S.L. obtén unha puntuación total de 33,52 puntos.

Á vista do cal a Mesa de Contratación por unanimidade acorda propoñer ó Pleno da Corporación a adxudicación DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR a empresa SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DO CARME S.L. E non sendo outro o obxecto deste acto e sendo as doce horas e vinte minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario certifico.”

Terceiro.- Adxudicar o contrato de xestión do servizo público da prestación do Servizo de Axuda no Fogar, nas modalidades de libre concorrência e dependencia a D. José Manuel Durán Rodríguez con D.N.I. núm. 32.699.229-Z, quen actúa en nome e representación de SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DO CARME S.L. con C.I.F. núm. B70028832, o cal presenta a seguinte oferta económica: **15,39 euros máis IVE de prezo/hora**, tanto para horas ordinarias como para horas extraordinarias, sendo o **prezo final con IVE engadido de 16,01 Euros**.

Cuarto.- Requirir a SERVIZOS SOCIAIS VIRXE DO CARME S.L. con C.I.F. núm. B70028832 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Quinto.- A duración do contrato derivado da adxudicación da prestación dos servizos obxecto do presente prego será de **catro (4) anos**, comezando a contarse dende o día seguinte ao da





formalización do contrato ou dende a data fixada no documento contractual. O contrato poderá ser **prorrogado**, por unha soa vez, por **dous anos máis**. Esta acordarase polo órgano de contratación de xeito expreso e será obrigatoria para a parte contratista, sempre que se produza con dous meses de adianto á finalización do contrato. A duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de seis anos.

Sexto.- Publicar unha vez asinado anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Oitavo.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

Sétimo.- Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive. Todo iso, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.

Toma a palabra o Sr. Secretario sinalando que saú a licitación en 16,49€ sen IVE e esta empresa licita en 15,39€ sen iVE, baixou 1€.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que é unha suba importante porque antes estábamos a pagar 12,50€ que era inviable, 3€ máis que despois de tres anos é normal.

Toma a palabra o Sr. Secretario sinalando que concellos como Fene, Valdoviño ou están a pagar un medio de 18€.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que dende o BNG como sempre pedimos que os servizos sexan públicos, nós preferiríamos que os servizos e ademais habería que intentalo, que os servizos sedan públicos, sobre todo sabendo por lei natural o aumento de usuarios vai a ser cada vez maior e a medida que pasen os anos a poboación vai envellecendo e cada vez van a ser máis os usuarios que necesiten por desgraza deste servizo polo tanto, pasarlle o uso por unha concesión de seis anos, que son castro máis dous de prórroga que van a ser seis en total pois non condena a ter o servizo privatizado, o ideal sería que o servizo fose público que se fosen poñendo as bases e ir mirando de ir facendo servizo digamos dende o concello.





Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que o servizo é público perdoa que te corrixas, a titularidade é pública e a xestión é pública, en consecuencia non é correcto o que estas afirmando, o que está externalizado é o persoal que o executa, pero o servizo é de titularidade pública. Cando hai protestas somos nós os que corriximos os problemas e quen di si se ten que pagar ou non somos nós, e quen di si se lle dá de balde porque ten que ser de balde o decidimos nós si fora privado non sería de balde en consecuencia, non é certo que este privatizado o servizo podería prestarse a través de persoal contratado polo concello, é un modelo de xestión cando chegamos facíase así e acabamos nos tribunais, era moi complicado e ao final optamos por externalizar a contratación do servizo por persoal contratado por unha empresa que se dedica a isto, porque somos un concello pequeno e non temos xente para xestionar a ese persoal é imposible, un concello pequeno non pode xestionar todo ese persoal, que si unha baixa, que si contratar é imposible, e como era imposible fixemos o que fixeron moitos outros concellos que é manter a prestación do servizo público, pero as persoas que o prestan están contratadas pola empresa pero son intermediarios na prestación do servizo, o servizo é público, se solicita no concello e o concello efectivamente o xestiona.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia ao momento en que se sacou a concurso a contratación do servizo, nese momento o noso voto foi en contra porque así non é completamente público senón que é mixto, os traballadores os pon a empresa e a xestión a leva o concello. Nós estamos en contra disto, dende o ano noventa a xestión a levaba o concello e funcionaba ben e seguimos apostando por iso tanto cando gobernabamos como agora que estamos na oposición seguimos ca mesma postura, non a imos a cambiar. Nós queremos que todo se xestione por parte do concello e polo tanto imos a votar en contra da adxudicación.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que cando gobernaba o PP tiñan un acordo tácito iso agora non o permite a lei.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que no era un acorde meu, senón que xa era do anterior alcalde.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que o acordo era que a unhas se lles contrataba un ano mentres outras estaban no paro de forma que rotaban todos os anos, iso acabou porque é ilegal, esa era o sistema que había aquí cando eu cheguei de Alcalde as que terminaban o





contrato tíñanse que ir porque esa era a situación e había que contratar a outras, e comigo non se quixeron ir e leváronme ao xulgado do social dicindo que eran persoal fixo, dime ti como se xestiona esa situación e ese foi o motivo polo que tiremos que enfrontarnos a un proceso laboral no que sorprendentemente había esa situación hoxe tes que sacalo a concurso e contratar ao que o gaña non contratar a unhas este ano e a outras o ano que ben, iso era imposible, efectivamente a situación ben de aí, a xente ten dereito a tutela xudicial efectiva e a situación sabes moi ben que era a que dixen e iso hoxe é impensable, ca última reforma laboral que acabase de aprobar establece de contrato fixo a indefinido polo tanto, non queda hoxe ningunha posibilidade de levar a cabo ese sistema, pero está claro que son modelos e cada un ten a súa opinión.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que no seu momento impartíanse cursos de axuda a domicilio e saían quince ou dezaseis alumnas e tomouse esa decisión porque era a forma de incorporar a muller ao mercado laboral estamos falando do ano noventa, naquel momento a muller non estaba incorporada ao mercado laboral entón impartíanse cursos de formación que era unha vía para que as mulleres que non tiñan titulación se incorporara ao mercado laboral e por iso se chagou a ese acordo, o primeiro ano que eu entre nos cederon o piso o ISM e aí se empezaron a facer os cursos de formación e alí se seguiron facendo e tomouse ese acordo, unhas ien ao paro para que xente que nunca traballo iniciárase laboralmente e se les informou de todo, traballan un ano para incorporar as que van saíndo que tamen teñen dereito, era a forma de que entraran no mercado laboral, elas xa o sabían.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que iso non foi posible facelo cano eu entrei de Alcalde porque nese momento houbo demandas laborais, que eran contratos en fraude de lei e que xa eran persoal fixo porque levaban máis de tres anos loxicamente teñen dereito a facelo, e ante esta situación decidiuse externalizar a prestación do servizo, non a xestión que segue sendo de titularidade pública e o servizo segue sendo de titularidade pública e se segue regulando por normas do ámbito dos servizos sociais non se rixe polo mercado.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non era con intención de nada, de feito algunhas se presentaban igual sabendo que non ían a ser contratadas porque poríanse moi nerviosas na entrevista persoal pero preferían facela para coller experiencia pero funcionou sempre ben a verdade que sempre funcionou ben.





Sometida a votación a aprobación **“Resolución licitación do servizo de axuda no fogar”**, o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), 3 en contra (3 do PP), 2 abstencións (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 5.- Modificación contrato de xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación do saneamento da zona da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conducción e bombeos) Ares, Fene e Mugar dos (incorporación bombeo das Cagallas).

Visto o contrato asinado de XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO XESTIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DO SISTEMA PERTENCENTE Á ACTUACIÓN DE SANEAMENTO DA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E SUR DA RÍA DE FERROL (CONDUCCIÓN E BOMBEOS) ARES, FENE, MUGARDOS so seguinte teor literal:

“Reunidos en Ares, a 16 de novembro de 2020.

Dunha parte, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo Alcalde-Presidente do Concello de Ares con D.N.I. núm. nº 32.649.797-D, asistido do Secretario da Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez con D.N.I. 32.624.447-M, que dá fe do acto.

Doutra parte D. Antonio Alvarez Domínguez con D.N.I. 35.551.937-D, veciño de Lugar Rebordanes Montañós, Concello de Tui-Pontevedra, actuando en nome e representación de “SOCIEDAD ANÓNIMA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO” e C.I.F. núm. A81527095, segundo escritura de Poder outorgada perante o Notario de Vigo Dn. Luis Rajoy Brey de data 20-12-2002, número 992 por Dn. Fernando Fontán Quintas, administrador solidario da mesma.

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugar dos por procedemento aberto.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Con data cinco de febreiro de 2018 foi aprobada a convocatoria de contratación da explotación do servizo mediante concesión administrativa, procedemento aberto e tramitación urxente da xestión do servizo público de xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e





sur da ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugaros, sendo publicada a licitación no B.O.P. núm. 27 do 7-02-2018 e no perfil do contratante (corrección de erros BOP núm. 34 de 19-02-2018).

SEGUNDO. O Pleno do Concello de Ares, nos termos descritos no expositivo anterior adjudicou o contrato de xestión de servizo público de xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da Ría de ares e Sur da Ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugaros conforme ás prescricións do acordo plenario de cinco de febreiro de 2018.

Devandita adjudicación foi aprobada por acordo Plenario de data 27 de abril de 2020 nos termos propostos pola Mesa de Contratación de data 27 de decembro de 2020 en base ao informe técnico de 14-08-2019.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) dictou as seguintes resolucións :

- Recurso 56/2019, Resolución nº. 64/2019 do recurso especial en materia de contratación : estima parcialmente recurso interposto por FCC AQUALIA S.A..
- Recurso 56/2019, Resolución nº. 10/2020. Non admisión a trámite do escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular de Ares.
- Recurso 79/2020, Resolución nº. 86/2020. Desestimación recurso interposto por FCC AQUALIA, S.A. contra a exclusión da súa oferta e a adjudicación.

Acordo plenario de 27 de abril de 2020:

Punto núm. 5.- Resolución recurso Grupo Popular licitación do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona noarte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugaros e adjudicación do mesmo.

PROPOSTA DE ACORDO:

Visto o recurso de reposición presentado polo grupo municipal do Partido Popular contra o acordo plenario adoptado na sesión plenaria do día 27-01-2020 invocando falta de transparencia e de motivación do órgano de contratación.

Visto o informe técnico de 14 de agosto de 2019 do seguinte teor literal:





INFORME DOS SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.

Asunto: Solicitud de Informe sobre valoración das ofertas presentadas para o contrato da “Xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da Ría de Ares e sur da Ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugaridos”. Criterios avaliados de forma subxectiva.

Benito J. Calvo Castro, Arquitecto Técnico Municipal do Concello de Ares, en relación ao asunto arriba indicado,

INFORMO:

Antecedentes.- Con data 1 de agosto de 2018, o técnico que subscribe realizou Informe no que se especificaba o resultado da valoración das dúas ofertas achegadas, atendendo os criterios avaliados de forma subxectiva, que foron:

Empresa.	Puntuación.
GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.	37,55
FCC AQUALIA, S.A.	36,60

Adxunto ao Informe concretábanse as puntuacións parciais dos distintos apartados que compoñen a valoración conxunta. Acompáñase dito cuadro.

EXPLORACION E MANTEMENTO BOMBEO DEPURADORA.									
01/08/2018.									
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN. FORMA SUBXECTIVA.									
II) Operación, mantemento e conservación.		23 Puntos.				III) Medios persoais adscritos.		9 Puntos.	
						Org. y Personal		Dist. tumos	
						6 Puntos.		3 Puntos.	
GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.		20,00				7,50		5	
FCC AQUALIA, S.A.		20,00				6,50		4	
III) Calidade, medio ambiente e prevención.		6 Puntos.				IV) Control analítico e medidas de emerxencia.		3 Puntos.	
		Gest. Calidad		Gest. Medioam.		Control Analit.		Med. Emerx.	
		2 Puntos.		2 Puntos.		1 Punto.		2 Puntos.	
GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.		4,75		1,75		2,30		0,8	
FCC AQUALIA, S.A.		4,75		1,75		2,35		0,85	
VI) Melloras técnicas.		4 Puntos.				TOTAL Puntuación FORMA SUBXECTIVA.			
						GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.		37,55	
GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.		3,00				FCC AQUALIA, S.A.		36,60	
FCC AQUALIA, S.A.		3,00							

O presente informe trata de aclarar as puntuacións obtidas polas dúas empresas ofertantes.

Por conseguinte:

Primeiro.- Especificanse as calificacións obtidas en cada un dos apartados:

1.- Operación mantemento e conservación: de 0,00 a 23,00 Puntos.





- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 20,00 Puntos.**

Dispón unha metodoloxía concreta, tén en conta o tipo de instalación, tanto de cómo se componen como das súas dimensións. Define un manual de operación, con consideracións e contidos mínimos, realizando un inventario cós elementos dos que se dispón, para ser utilizado na xestión informática dos traballos da explotación. Redacta o Manual de Operacións e realiza un arquivo documental, así como a confección dun listado de actividades de traballo rutinarias a definir coa propiedade. Enumera e expón un listado de actividades de traballo relevantes, comprometéndose a desenrollar aspectos concretos para asegurar a calidade do traballo, realizándose estes de xeito que se minimize el impacto sobre el medio ambiente, aplicándose medidas correctoras para os impactos medioambientais que se produzan.

Agrupa o programa de mantemento das instalación en tres tipos: correctivo, preventivo e obra civil. As tarefas de mantemento e conservacións rutinarias serán executadas por persoal asignado ao servizo.

- **FCC AQUALIA, S.A.: 20,00 Puntos.**

No Plan de Explotación a redactar garantirá a maior capacidade posible de evacuación dos caudais de augas residuais, minimizando os alivios, evitando xerar olores e regulando o caudal afluente. Confeccionará un Manual de Operacións do Sistema, con criterior de flexibilidade, fiabilidade e seguridade e saúde, contendo instrucións de traballo considerando as actividades funcionando en condicións normais de operación e en situación de emerxencia. Realiza unha ficha sobre riscos medioambientais, os aspectos ambientais asociados, resposta ante o risco ambiental, medidas preventivas e a quén deberá avisarse no caso de accidente.

No programa de mantemento faránse operacións preventivas e predictivas das instalación, e correctivas e de reparación de avarías, tendo como obxectivos o evitar avarías, limitar o envellecemento do material, garantir a disponibilidades de elementos críticos, mellorar o estado do material, disminuir o tempo medio de reparación e o tempo medio entre erros, suprimir as causas dos accidentes, etc.

2.- Medios personais adscritos: de 0,00 a 9,00 Puntos.

- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 7,50 Puntos.**

- **Organización e persoal: 5,00 Puntos.**

Achegan cadro de recursos humanos asignados ao contrato, con organigrama. Adscriben un total de nove persoas, especificando a titulación que posúen, adicación, cualificación e





funcións, das que sete son a xornada completa e dúas a tempo parcial, ademáis dun equipo de apoio técnico especializado. Na franxa horaria entre as 7:00 e as 21:00 h., de luns a venres contarase coa presenza de todos os membros do persoal de operación, mantemento e conservación. Inclúese proposta de Plan de Formación e xestións coa dirección da explotación. Especificanse os medios destinados, tanto de medidas de control das tarefas do persoal como dos vehículos destinados aos traballos abxecto do contrato.

- Distribución, turnos: 2,50 Puntos.

Achega proposta semanal e mensual de calendario de turnos de traballo, có horario a cumprir por cada operario. Consideran na oferta que para a realización de traballos fóra da xornada de traballo disporán de medios humanos e organizativos necesarios coa finalidade de solucionar situacións nas que se exceda do horario normal establecido.

- **FCC AQUALIA, S.A.: 6,50 Puntos.**
- Organización e persoal: 4,00 Puntos.

Presentan esquema organizativo e organigrama do equipo humano asignado ao contrato, con organización de turnos, reténs, vacacións, etc. Descríbense os turnos, cós horarios de cada un dos operarios. Na relación do persoal proposta inclúense un total de oito persoas, das que catro figuran a xornada completa e catro a tempo parcial. Nela reflectese o posto, a adicación, a cualificación e as función de cada un. Reflicten a política de persoal, un Plan de Formación e promoción. Establecen a presenza do persoal nas instalacións entre as 8:00 e as 20:00 en días laborables.

- Distribución, turnos: 2,50 Puntos.

Programan o calendario de vacacións para que non coincidan nas súas vacacións tanto os dous operarios do servizo como o responsable do contrato, o xefe do servizo e o oficial electricista xuntos, debendo permanecer no traballo dous destas tres persoas. As ausencias superiores a unha semana cubriranse con persoal a contratar.

3.- Calidade, Medio Ambiente e Prevención: de 0,00 a 6,00 Puntos.

- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 4,75 Puntos.**
- Xestión de Calidade: 1,50 Puntos.





Establecen os procedementos e medidas para o aseguramento da calidade, xestión estratéxica, control da información documentada, formación e xestión de recursos humanos, control de equipos e mantemento de maquinaria, seguimento e medición e xestión de incidencias.

- Xestión Medioambiental: 1,75 Puntos.

Se dispón dun sistema de xestión medioambiental con procedementos e medidas para o aseguramento da xestión medioambiental, coas zonas de impacto que podan afectar á calidade do medio no sistema de saneamento, con plans de usos nos puntos de bombeo. Achega planos dos puntos de bombeo e das zonas de baño e zonas de marisqueo ou cultivos mariños

- Sistema de Prevención de Riscos: 1,50 Puntos.

Fan unha descripción do sistema de xestión de prevención de riscos laborais, con procedementos e medidas para o aseguramento da prevención, con formación preventiva e ficha resúmo da documentación asociada.

- FCC AQUALIA, S.A.: 4,75 Puntos.

- Xestión de Calidade: 1,50 Puntos.

Implantarán un sistema de xestión de calidade que conterá os seguintes documentos: manual do sistema de xestión, procedementos xerais do sistema de xestión e procedemento técnico específico para o control do mantemento preventivo correctivo das instalacións. Inclúe diagrama.

- Xestión Medioambiental: 1,75 Puntos.

Manifestan que os procedementos de xestión ambiental asegurarán que as operacións se leven a cabo de forma axeitada coa regulamentación existente. Achegan diagrama no que reflicten o proceso e o calendario previsto para a implantación do proceso, con avaliación medioambiental e control de traballos non conformes, accións correctivas e preventivas, auditorías internas e revisión do sistema medioambiental.

- Sistema de Prevención de Riscos: 1,50 Puntos.

Realizan unha descripción do sistema de prevención mancomunado da empresa. Nun diagrama establecen o proceso e o calendario previsto para a implantación e certificación.

4.- Control analítico e medidas de emerxencia: de 0,00 a 3,00 Puntos.





- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 2,30 Puntos.**

- Control analítico: 0,80 Puntos.

Presenta tabla de control cun plan de control analítico interno, a realizar polo personal do servizo, e externo, a efectuar por empresa especializada como laboratorio de análise e asesoramento medioambiental. Indícanse os parámetros a analizar, os tipos de mostras e os controis a efectuar tanto para para a solicitude de permisos de verquidos en limpeza de colectores como os análisis a realizar en contínuo mediante sensores instalados na rede. O laboratorio externo que proponen está acreditado para análisis medioambientais UNE-EN-ISO 17025 e como entidade de inspección en augas UNE-EN-ISO 17020. A trazabilidade das mostras seguiráse mediante unha cadena de custodia implantada no sistema de calidade.

- Medidas emerxencia: 1,50 Puntos.

Contarán, en cada zona de traballo, cun equipo estándar de intervención rápida para a prevención ante verquidos accidentais de substancias como aceites, gasolinas, etc. Establecen un procedemento de emerxencia de verquidos de influentes incontrolados, colaborando cós concellos na identificación e detección de verquidos, infiltracións, caudais anormais e calquera anomalía. Solicitarán permiso de verquido para a limpeza de tanques de tormenta, realizando as correspondentes solicitudes, segundo a normativa en vigor. Dispoñen de coñecemento das funcionalidades que poden derivar en medidas de emerxencia, como son as funcionalidades críticas internas e externas, cadro de situación ante emerxencias e listado de instrucións de traballo para emerxencias. Distinguen entre situacións de emerxencia resoltas mediante medios alleos e os enumera, mediante medios propios e os tempos de resposta ante as mesmas.

- **FCC AQUALIA, S.A.: 2,35 Puntos.**

- Control analítico: 0,85 Puntos.

Presentan un resumo do plan de control analítico que, no caso de resultar adjudicataria o propondrá para a súa aprobación. Os puntos de mostraxe definiránse no lugar da toma de mostras, a conveniencia entre as mostras simples, mostras compostas ou mostras integradas. Nunha tabla resumen as analíticas mínimas que ofertan, cun mínimo de 688 parámetros/ano. Determinánse, de forma exhaustiva o procedemento das tomas de mostras, coas precaucións a tomar, condicións de mostraxe, medidas para evitar interferencias producidas na recollida e de conservación das mostras, con tabla onde se especifica as recomendacións para o muestreo e preservación de mostras dacordo ás medicións e outra tabla cós métodos de referencia





usados para parámetros a analizar en augas residuais. Dispoñen de laboratorio propio para realizar as análíticas externas, acreditado pola norma UNE-EN ISO/IEC 17025:2005. As análíticas internas realizaránse noutro laboratorio propio de empresa.

- **Medidas emerxencia: 1,50 Puntos.**

No caso de adxudicación, comprométese a elaborar un plan xeral de emerxencias a implantar no servizo, no que se establecerá a detección dos posibles puntos críticos ou situación de emerxencias e o establecemento das accións a executar para eliminar ou disminuir as consecuencias de ditas emerxencias da maneira máis rápida e segura posible. En dito plan se contemplarán as emerxencias relativas ao proceso, as relativas ao medio ambiente, as relativas ao plan de seguridade e saúde laboral; asimismo se contemplarán as emerxencias ambientais, con fichas de riscos concretas. Establecen un operativo de emerxencia e tempos de resposta, con plan de mobilización por niveis, e realizarán controis de alivios.

5.- Melloras técnicas: de 0,00 a 4,00 Puntos.

Valorarásese o desenvolvemento e xustificación das melloras ofertadas relacionadas de xeito estrito co obxecto do contrato e que non poderán estar valoradas economicamente, dado que existe un importe máximo para o apartado de melloras.

- **GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación: 3,00 Puntos.**

Propoñen unha serie de melloras que terán incidencia, sobre todo, nos consumos eléctricos, en eliminación de tensións e vibracións, e estudo de estado dos equipos de bombeo.

Permiten unha mellor xestión do sistema, intervénese en dotacións xa instaladas, na rede de colectores e en obra civil.

As melloras, de xeito resumido, consisten en:

- Bombeo de Limodre: executarían un bypass, no primeiro ano de contrato cunha garantía de catro anos.
- Bombeo de Maniños: liberación de tensións e vibracións da tubaxe coa reposición completa dos tramos de impulsión en aceiro inoxidable e recolocación da mesma, no primeiro ano de contrato cunha garantía de catro anos.





- Bombeo de Ares: diminución do consumo eléctrico por medio da substitución da hidráulica dunha das liñas de impulsión, no momento da adxudicación e con dous anos de garantía.
- Instalación de analizador de redes: para a realización de estudos nos bombeos con finalidade enerxética das entradas de enerxía en cada un deles. A implantación da mellora que proponen sería de xeito inmediato e con catro anos de garantía.
- Instalación sondas conductividade e temperatura: instalarían tres sondas de conductividade en cada unha das liñas do saneamento Fene, Ares e Mugaros. Esta mellora prevén implantala no momento de resultar adxudicatarios e cunha garantía de catro anos.
- Estudo do estado de equipos de impulsión en bombeos de saneamento: analizaránse os posibles aforros enerxéticos e diminución dos consumos eléctricos, prevéndose reducións en consumo de entre un 20-40%, inclúe asesoramento en termos de contratación de enerxía e axuste de potencias eléctricas contratadas. A implantación da mellora a ofertan para realizar no momento de resultar adxudicatarios, estando vixente durante os catro anos de vixencia do contrato.

▪

- **FCC AQUALIA, S.A.: 3,00 Puntos.**

Consisten na integración da xestión dos mantementos mediante un programa informático, disposición de estacións de alerta para medicións de caudais aliviados, adscripción de maquinaria e de medios, estudo procedemento control e optimización enerxética das instalacións, detección do posicionamento dos vehículos e sistema de control de roldas.

Proporcionan unha mellor xestión do sistema, actuando sobre equipos instalados na actualidade, na redes de colectores, en medios materiais e en medios humanos.

As melloras técnicas propostas, son:

- Programa informático de xestión de mantemento: permitiría integrar a xestión do mantemento preventivo, correctivo, normativo e predictivo, o programa estaría operativo antes de tres meses dende o inicio do contrato.
- Control de aliviados: instalación de tres estacións de alerta para a medición de caudais aliviados. Manifestan que ditos equipos instalaríanse antes de seis meses dende o inicio do contrato.





- Tomamuestras para control verquidos: Adquirirían dúas unidades de tomamostras automáticos, cun prazo de execución de tres meses dende o inicio do contrato.
- Equipo de limpeza remolque Smarttrailer Pro: comprométese a adscribir ao contrato esta maquinaria antes de seis meses dende o inicio do contrato.
- Medios a adscribir ao contrato: sinalan o parque móvil, as comunicación e informática, a maquinaria e ferramentas, equipos de protección colectiva, equipos de protección individual e vestiario que se asignarán por parte da empresa ao contrato, que estarán disponibles antes do inicio do mesmo.
- Medios alleos propostos: a empresa poñerá a disposición do contrato equipos de limpeza e inspección, unha estación de alerta para o control dos verquidos, un camión grúa, o sistema de rehabilitación local de tubaxes con fibra de vidro (packer).
- Medios humanos de apoio: indican que contan con medios dispoñibles en Narón, nun prazo máximo de dúas horas.
- Operativo de emerxencia: desenrollará o procedemento de actuación no caso de emerxencia, estruturado en niveis.
- Control e optimización enerxética das instalación: estudo dun procedemento xenérico a implantar para optimizar o consumo de enerxía . Executaráse ao longo do primeiro ano de contrato, procedendo a implantar o certificado de xestión enerxética segundo a norma UNE EN ISO 50001:2011.
- Optimización de rutas de mantemento mediante localizador GPS: detectará a posición do vehículo. Manifestan a súa intención de implantalo antes de tres meses dende o inicio do contrato,
- Sistema de control de roldas: sistema completo de control de roldas de vixilancia que rexistrará a hora e data do comenzo do mantemento ou visita ás instalación. A implantar antes de tres meses dende o inicio do contrato.

Segundo.- Por conseguinte, a puntuación fixada foi:





	GESECO, S.A. de Gestión de Servicios y Conservación.	FCC AQUALIA, S.A.
I.- Operación mantemento e conservación (de 0 a 23 puntos).	20,00	20,00
II.- Medios personais adscritos (de 0 a 9 puntos).	7,50	6,50
III.- Calidade, Medio Ambiente e Prevención (de 0 a 6 puntos).	4,75	4,75
IV.- Control Analítico e Medidas de Emerxencia (de 0 a 3 puntos).	2,30	2,35
V.- Melloras Técnicas (de 0 a 4 puntos).	3,00	3,00
Puntuación total criterios evaluables de forma subxectiva.	37,55	36,60

Visto o informe do secretario de 27 de decembro de 2019 :

Asunto: Motivación puntuación valoración ofertas xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos.

En cumprimento da resolución do recurso especial en materia de contratación polo TACGAL "Recurso nº. 56/2019" efectuase o informe técnico de 14-08-2019 de motivación das puntuacións outorgadas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Fronte aos vicios de anulabilidade, tanto a Lei 30/1992 como actualmente a Lei 39/2015, prevén una serie de efectos, que se recollen os previstos na derogada Lei 30/1992 na Lei 39/2015.





O principio de validez dos actos administrativos previsto no artigo 39 da Lei 39/2015 (anteriormente previsto no artigo 57 da Lei 30/1992), polo que os actos das administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo, presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa.

Polo que a declaración de anulabilidade será a que prive de efectos ao acto administrativo. Pero estes efectos atópanse limitados pola propia lei.

Así, o artigo 49 da Lei 39/2015 (anteriormente previsto no artigo 64 da Lei 30/1992), prevé límites á extensión da nulidade ou anulabilidade dos actos, sinalando por unha banda que a nulidade ou anulabilidade dun acto non implicará a de os sucesivos no procedemento que sexan independentes do primeiro; e por outra que a nulidade ou anulabilidade en parte do acto administrativo non implicará a de as partes do mesmo independentes daquela, salvo que a parte viciada sexa de tal importancia que sen ela o acto administrativo non fose ditado.

O referido precepto limita as consecuencias da invalidez dun acto aos que sexan consecuencia do mesmo, non afectando aos independentes, e limitando a invalidez parcial unicamente ás partes que realmente incorran na infracción do ordenamento xurídico.

Con carácter xeral a anulabilidade dun acto que se integra nun procedemento, determina que os actos administrativos posteriores ao mesmo están á súa vez viciados de anulabilidade, e por tanto, as actuacións deberían retrotraerse ao trámite inicial en que se cometeu a infracción. Con todo, conforme ao principio recollido no artigo 49 da Lei 39/2015, limítase a extensión da anulabilidade.

Ao mesmo tempo, tamén se recolle o principio xeral de conservación dos actos administrativos.

Neste sentido recollíase tanto na Lei 30/1992 (artigo 66), como actualmente na Lei 39/2015 (artigo 51).

Así, o artigo 51 da Lei 39/2015 sinala que o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantivo igual de non haberse cometido a infracción.

En virtude do principio de economía procesual imponse a conservación dos actos ou trámites cuxo contido sería o mesmo de repetirse as actuacións, dilatándose a tramitación, en contra





do principio de celeridade e eficacia, para chegar a idénticos resultados. Se, racionalmente, pode preverse que se reproducirán os mesmos actos, o lóxico é o seu mantemento.

É doutrina xurisprudencial a que, baseándose no principio de economía procesual advirte sobre a improcedencia de declarar nulidades cando o novo acto que se dite una vez emendado o posible defecto formal deba ser idéntico en sentido material ao anterior, pois na esfera administrativa debe ser tratada a nulidade de actuacións con moita ponderación e mesura.

Precisamente polo carácter restritivo co que deben ser tratados os vicios de nulidade e anulabilidade, debemos chegar á conclusión que xa se manifesta na consulta, e é a de acudir á figura da convalidación dos actos administrativos.

Como sinala o artigo 52.1 da Lei 39/2015, a Administración poderá convalidar os actos anulables, emendando os vicios de que adoezan.

Nestes mimos termos pronunciábase o artigo 67.1 da Lei 30/1992.

Os actos administrativos anulables, a diferenza dos nulos de pleno dereito, poden ser emendados.

A convalidación é o acto administrativo polo que se emendan os defectos dun acto anterior anulable. A convalidación implica una potestade administrativa cuxa actuación se concreta precisamente na emanación do acto convalidante por cuxa virtude se emendan os defectos dun acto administrativo anterior. Así, sinala a doutrina (González Pérez) que a convalidación é un acto administrativo, aínda cando a súa finalidade específica sexa a de emendar os defectos doutro anterior.

O acto convalidante, como todo acto administrativo ditado por unha Administración pública, conforme ao artigo 34 da Lei 39/2015, producirase polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido.

Por iso, o acto de convalidación producirase polo órgano competente, que será o mesmo que ditou o acto obxecto de convalidación, a non ser que o acto fose ditado por un órgano incompetente, que non é o caso.

A Lei 39/2015, como tampouco facía a Lei 30/1992, non establece un prazo para ditar o acto de convalidación, polo que poderá procederse á convalidación en calquera momento.





Respecto diso haberá que ter en conta os prazos de prescrición de accións. Como sinala a doutrina (González Pérez), se transcorridos os prazos para revisar un acto, de oficio ou a instancia de parte, o acto devén inatacable, parece que a convalidación unicamente terá sentido cando aínda non transcorreron estes prazos, ou cando logo de incoar algunha vía de revisión, está pendente un posible pronunciamiento de anulación.

Así as cousas, retrotraendo o procedemento aos efectos de que polo órgano de contratación se explicita a motivación das puntuacións outorgadas, que non poderán variar como consecuencia da aplicación da Resolución nº. 64/2019 do TACGAL, dando lugar a un novo acordo de adxudicación con mantemento, de estimarse así, das actuacións que se terían mantido igual de non cometerse a infracción apreciada, co informe técnico de motivación consideráse cumprido dito acto con mantemento das actuacións que se terían mantido igual de non cometerse a infracción apreciada e sen variar as puntuacións outorgadas, considerando o funcionario que suscribe que dase cumprimento á Resolución do recurso especial en materia de contratación polo TACGAL "Recurso nº. 56/2019".

Vista a Acta da Mesa de Contratación de 27 de decembro de 2019:

ACTA DA MESA DA REUNION CELEBRADA POLA MESA DE CONTRATACIÓN O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2019.-

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e trinta minutos do día 27 de decembro de dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Ares, con asistencia dos Sres. Membros seguintes:

PRESIDENTE: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. (Alcalde-Presidente, do Concello de Ares).

VOGAIS: D. ALFONSO PORTELA MARTINEZ. (Técnico Municipal).

D. BENITO JOSE CALVO CASTRO. (Técnico Municipal).

D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ. (Secretario Xeral do Concello).

SECRETARIO: D. JOSE ANGEL CARBALLO FEIJOO. (Funcionario Administrativo).

Aberto o acto pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose pola Mesa de Contratación, os seguintes acordos:





PUNTO UNICO.- INFORME DO TECNICO MUNICIPAL RELATIVO A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA O CONTRATO DA “XESTIÓN DO SERVIZO PUBLICO E MANTEMENTO DO SISTEMA PERTENCENTE Á ACTUACIÓN DE SANEAMENTO DA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E SUR DA RÍA DE FERROL (CONDUCCIÓN E BOMBEOS) ARES, FENE E MUGARDOS”.

En virtude da Resolución do Recurso Especial en materia de Contratación por TACGAL Recurso núm. 56/2019 e habéndose anulado o acordo de adxudicación, retrotraendo o procedemento ós efectos de que polo Organo de Contratación se explicita a motivación das puntuacións otorgadas, que non poden variar como consecuencia da aplicación da devandita Resolución 64/2019, do TACGAL dando lugar a un novo acordo de adxudicación; e emitido Informe Técnico motivando as puntuacións obtiadas por cada licitador segundo informe de 14/08/2019, e visto o mesmo, e a vista do informe do Sr. Secretario de data 27/12/2019.

Vista a puntuación acadada por cada un dos licitadores

A OFERTA ECONOMICA.

EMPRESA	OFERTA ECONOMICA	MELLORA
FCC AQUALIA S.A.	45	10
GESECO S.A.	42,93	10

Sumadas as puntuacións obtense o resultado final seguinte:

EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
FCC AQUALIA S.A.	91.60
GESECO S.A.	90.48

Acto seguinte dase conta do informe do Sr. Secretario de data 28 de agosto de 2018, no cal se recolle a seguinte **CONCLUSION**





“ Á vista de todo o anterior, en primeiro lugar, débese acudir ao establecido nos pregos que rexen a licitación e por conseguinte considerase que ab initio estase ante unha oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Nese suposto deberase seguir a tramitación recollida no artigo 152 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo cal se aprobou o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para que o licitador xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma”.

Xustificada a baixa polo licitador FCC AQUALIA con data 10 de setembro de 2018, emítese informe polo técnico municipal con data 19 de novembro de 2019 que na súa CONCLUSIÓN manifesta “ **Por conseguinte e logo do anteriormente explicado, se entende que existe unha falta de xustificación do prezo referenciado e que non se dan suficientes razón que fagan posible a explicación do importe ofertado pola empresa FCC AQUALIA permita a este técnico chegar a conclusión de que o contrato podería ser levado a cabo segundo o estipulado nos Pregos.**”

A vista que foi retrotraído e sen variar as puntuacións outorgadas, mantendo as actuacións que se tiñan mantido igual de non cometerse a infracción apreciada que deu lugar a anulación da adxudicación obxecto de impugnación por FCC AQUALIA S.A., dando lugar a un novo acordo de adxudicación, a Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

1º.- Rechazar o oferta presentada por FCC AQUALIA S.A. por considera-la desproporcionada.

2º.- Propoñer a Adxudicación do Contrato ó licitador GESECO S.A.

Na súa virtude e tendo en conta o acordo extraxudicial asinado en Santiago de Compostela o 30 de decembro de 2019 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares, S.A.,

Vista que a Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.





— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

--- PP.PP.AA. e PP.PP.TT.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación o Pleno do Concello, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

PROPOÑO:

Desestimar o recurso do Grupo Municipal do Partido Popular, e conseguíntemente:

Primeiro.- Declarar a validez da licitación.

Segundo.- Reixetar a oferta presentada por FCC AQUALIA S.A. por considera-la desproporcionada.

Terceiro.- Adxudicar o contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a: GESECO S.A.

Cuarto.- Requirir a GESECO, S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.





Quinto.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

Sexto.- Nos termos do acordo extraxudicial suscrito en Santiago de Compostela o 30-12-2019 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares, S.A. a empresa adxudicataria xirará as facturas que se emitan no presente contrato “xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos a cada un dos tres concellos nas porcentaxes que lles corresponda.

Septimo.- Publicar unha vez asinado anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Oitavo.- Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

Noveno.- Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive. Todo iso, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.

TERCEIRO.- Con data 20-02-2019 (Rex. Entrada 619/2019), e conforme á respectiva carta de pago, o adxudicatario constituíu a garantía definitiva de 40.584,00 euros equivalente ao 5 por 100 do importe da adxudicación, que non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou resolto este sen culpa do contratista.

E convindo a ambas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato de xestión de servizo público, formalízano neste documento administrativo, de acordo ás seguintes CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. A “SOCIEDAD ANÓNIMA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO” comprométese a xestión do servizo público de xestión de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da Ría de ares e Sur da Ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos, de acordo ao prego de cláusulas





administrativas particulares, que figuran no expediente, documentos contractuais que adopta incondicionalmente e sen reserva algunha e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade nel.

SEGUNDA. O prezo será o seguinte :

- 811.680,00 sen IVE.
- 81.168 E. de IVE.
- 892.848,00 E. con IVE.

TERCEIRA. A duración do contrato de xestión do servizo público de xestión de explotación e mantemento do sistema pertecente á actuación de saneamento da zona norte da Ría de ares e Sur da Ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugar dos, será de catro anos, poidendo nos termos da cláusula 2ª do Prego de Prescricións Técnicas Particulares preverse una prórroga do contrato a instancias do Órgano de Contratación e por mutuo acordo das partes por outros 2, divididos nun máximo de dúas prórrogas, salvo denuncia expresa das partes realizada con seis meses de antelación á finalización do contrato e/ou da primeira prórroga. O período máximo do contrato incluídas as prórrogas non poderá exceder de 6 anos.

CUARTO. Cando por causas imputables ao contratista, se incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, optarase por impoñer as penalidades previstas no Real Decreto legislativo 3/2011 ou resolución do contrato : penalidades diarias en proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

QUINTO. D. Antonio Alvarez Domínguez en nome e representación de "SOCIEDAD ANÓNIMA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO" e C.I.F. núm. A81527095, segundo escritura de Poder outorgada perante o Notario de Vigo Dn. Luis Rajoy Brey de data 20-12-2002, número 992 por Dn. Fernando Fontán Quintas, administrador solidario da mesma, presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que é documento contractual, asinándoo neste acto e sométese, para cando non se atope nel establecido do Texto Refundido da Lei de Contratos aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto





817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O presente contrato esténdese en catro exemplares e a un único efecto, no lugar e data ao principio mencionados.

O Alcalde,

En representación da empresa GESECO

Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo

Asdo.: Antonio Alvarez Domínguez.

O Secretario,

Asdo.: Manuel Larrosa Rodríguez.

ADENDA :

ACORDO EXTRAJUDICIAL ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS E DEPURADORA DE ARES, S.A.

Nos termos do Acordo extraxudicial asinado en Santiago de Compostela o trinta de decembro de 2019 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares, S.A., Cláusula Segunda, punto 3º : *“Os Concellos de Ares, Fene e Mugardos acordan que as facturas que se emitan pola xestión do servizo público de explotación e mantemento da estación de bombeo e tanque das Cagallas desde o 1 de xaneiro de 2020 ou as emitidas no marco do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da Zona Norte da Ría de Ares e Sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeo) Ares, Fene e Mugardos xiraranse a cada un dos tres concellos nas porcentaxes que lles corresponda”*; a adxudicataria “SOCIEDAD ANÓNIMA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO” xirará dende o 1 de xaneiro de 2020 as facturas do presente contrato a cada Concello nas porcentaxes previstas, tomando razón e coñecemento os Concellos de Mugardos e Fene.

O Alcalde do Concello de Fene

O Alcalde do Concello de Mugardos

Asdo. Juventino J. Trigo Rey

Asdo. Juan Domingo de Deus Fonticoba





Visto o informe da secretaría de cinco de xullo de 2021 do seguinte teor literal :

"INFORME

ASUNTO: MODIFICACIÓN CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO "XESTIÓN DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E SUR DA RÍA DE FERROL (CONDUCCIÓN E BOMBEOS) ARES, FENE, MUGARDOS

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data cinco de febreiro de 2018 foi aprobada a convocatoria de contratación da explotación do servizo mediante concesión administrativa, procedemento aberto e tramitación urxente da xestión do servizo público de xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertecente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos, sendo publicada a licitación no B.O.P. núm. 27 do 7-02-2018 e no perfil do contratante (corrección de erros BOP núm. 34 de 19-02-2018).

SEGUNDO.- O Pleno do Concello de Ares na sesión plenaria do día 27 de abril de 2020 acordou :

Desestimar o recurso do Grupo Municipal do Partido Popular, e conseguintemente :

Primeiro.- Declarar a validez da licitación.

Segundo.- Reixetar a oferta presentada por FCC AQUALIA S.A. por considera-la desproporcionada.

Terceiro.- Adxudicar o contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertecente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a: GESECO S.A.

Cuarto.- Requirir a GESECO, S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos





medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Quinto.- *Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.*

Sexto.- *Nos termos do acordo extraxudicial suscrito en Santiago de Compostela o 30-12-2019 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os Concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares, S.A. a empresa adxudicataria xirará as facturas que se emitan no presente contrato “xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos a cada un dos tres concellos nas porcentaxes que lles corresponda.*

Septimo.- *Publicar unha vez asinado anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

Oitavo.- *Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.*

Noveno.- *Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive. Todo iso, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.*

TERCEIRO.- *Con data 20-02-2019 (Rex. Entrada 619/2019), e conforme á respectiva carta de pago, o adxudicatario constituíu a garantía definitiva de 40.584,00 euros equivalente ao 5 por 100 do importe da adxudicación, que non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou resolto este sen culpa do contratista.*

CUARTO.- *Con data 28 de decembro de 2020 é asinado o contrato administrativo “xestión do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos”.*





QUINTO.- Con data 30 de decembro de 2019 é asinado en Santiago de Compostela pola Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e os Concellos de Ares, Fene e Mugardos así como Depuradora de Ares, S.A. o acordo extraxudicial entre dita Entidade e os devanditos Concellos e Depuradora de Ares S.A. no que básicamente Augas de Galicia obrigase a pagar a Depuradora de Ares, S.A. a cantidade dun millón cento trinta e dous mil novecentos euros con dezasete céntimos (1.132.906,17) máis IVE, e os Concellos de Ares, Fene e Mugardos obríganse a asumir a xestión do servizo público de explotación e mantemento de estación de bombeo e tanque das Cagallas desde o 1 de xaneiro de 2020 conforme ao seguinte reparto de gastos :

- a) *Gastos xerais :*
- a. *Concello de Ares 25%.*
 - b. *Concello de Fene 50%.*
 - c. *Concello de Mugardos 25%.*
- b) *Gastos de electricidade :*
- a) *Concello de Fene 75%.*
 - b) *Concello Mugardos 25%.*

Os Concellos de Ares, Fene e Mugardos aboarán a Depuradora de Ares, S.A. a cantidade mensual de 8.643,34 euros, máis IVE pola xestión transitoria do servizo público da estación de bombeo e tanque das Cagallas que se leve a cabo para garantir a continuidade do servizo mentres no se adxudique o contrato da súa explotación e mantemento. Os Concellos asumirán os costes de enerxía eléctrica non incluídos no importe mensual indicado e o resto de costes que sexan necesarios para a prestación do servizo.

CONSIDERACIÓNS SUSTANTIVAS

Primeira.- Os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segunda. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 63, 153, 191, 203, 205 a 207, 208 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao





ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP).

- *Os artigos 97 e 102 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.*

Terceira. *Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos na Subsección 4ª da Sección 3ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207 da citada Lei.*

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, una alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, a mesma só será acordada polo órgano de contratación previa conformidade por escrito do mesmo, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido no artigo 211.1.g).

Cuarta. *As modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior, só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:*

a) *Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.*

b) *Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.*

2. *Os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, a condición de que esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:*

a) *Cando deviñese necesario engadir obras, subministracións ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes:*





1.º Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.

En ningún caso considerarase un inconvinte significativo a necesidade de celebrar una nova licitación para permitir o cambio de contratista.

2.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívese de circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, a condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:

1.º Que a necesidade da modificación derívese de circunstancias que una Administración dilixente non puidese prever.

2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Quinta. Consequíntemente os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, a condición de que esta cumpra todos os requisitos recollidos no punto anterior, son os seguintes:





b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívese de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, a condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:

1.º Que a necesidade da modificación derívese de circunstancias que una Administración diligente non puidese prever.

2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3.º Que a modificación do contrato implique una alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

Sexta. Deberase dar audiencia ao contratista, dándolle traslado da proposta e do informe para que, nun prazo de cinco días, formule as alegacións que estime oportunas.

Sétima.- No presente caso dado que a contía da modificación, illada ou conxuntamente, é superior a un 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído, pero o seu prezo é inferior a 6.000.000 de euros, non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Oitava.- Á vista das alegacións e dos informes emitidos, o órgano de contratación resolverá sobre a aprobación definitiva da modificación do contrato.

Novena.- Finalmente, de conformidade co 203.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153, e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63, sendo os anuncios de modificación e a súa xustificación deberán publicarse de acordo co establecido no artigo 63 da Lei.

Dado que o contrato obxecto de modificación non está suxeito a regulación harmonizada, non deberase publicar no «Diario Oficial da Unión Europea» ou correspondente anuncio de modificación conforme ao establecido na Lei.

CONCLUSIÓNS : Á vista de que estamos en presenza dunha circunstancia sobrevida que foi impresible no momento en que tivo lugar a licitación do contrato (febreiro-2018) dado que o bombeo das Cagallas era aboado pola Xunta de Galicia-Augas de Galicia desde a posta en marcha e funcionamento da EDAR “ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL” en 2013, asinándose o acordo extraxudicial en





Santiago de Compostela o 30 de decembro de de 2019 pola Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e os Concellos de Ares, Fene e Mugardos así como Depuradora de Ares, S.A. no que básicamente Augas de Galicia obrígase a aboar a Depuradora de Ares, S.A. a débeda reclamada por Depuradora de Ares, S.A. ata o 31 de decembro de 2019, asumindo os Concellos de Ares, Fene e Mugardos o seu mantemento a partir do 1 de xaneiro de 2020; procede á vista de que a necesidade da modificación derívase de circunstancias que os tres Concellos non puideron prever, que a modificación non altera a natureza global do contrato e que a modificación do contrato non implica unha alteración na súa contía que non excede, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, tramitar a modificación do contrato dando trámite de audiencia á SOCIEDAD ANÓNIMA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO, para acto seguinte pasar ó órgano competente para a súa modificación..

LICITACIÓN : 854.400,00 €. sen Ive.

897.120,00 €. con Ive.

ADXUDICACIÓN : 811.680,00 sen Ive.

81.168,00 €. Ive.

892.848,00 €. con Ive.

Porcentaxe baixa : 0,47 %

Importe Bombeo As Cagallas: 8.643,34 €. sen Ive mensuais.

103.720,00 sen Ive anual.

Importe Bombeo As Cagallas con aplicación da baixa : 8.602,72 €. mensuais

103.232,52 €. anuais





Data contrato: 28-12-2020.

Duración cuatro años con posibilidade de prórroga de dous anos máis.

Importe contrato inicial : 811.680,00 €.

Importe-Modificación contrato (As Cagallas) cuantía restante ata 28-12-2024 sen prórroga : 309.697,56. €.

Límite 50 % importe contrato: 405.840,00 €."

Vista a Acta de da "ACTA COMISIÓN MIXTA DE COORDINACIÓN DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DA CESIÓN OU POSTA A DISPOSICIÓN TERREOS E XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE BOMBEOS: ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA" correspondente ao día 16 de xullo de 2021 no que os Concellos de Ares, Fene e Mugardos representados polos seus respectivos alcaldes prestaron conformidade á modificación do contrato de referencia coa finalidade de recoller o "**ACORDO EXTRAJUDICIAL ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS E DEPURADORA DE ARES, SA**" asinado en Santiago de Compostela o 30 de decembro de 2019 na que os concellos de Ares, Fene e Mugardos obríganse a asumir a xestión do servizo público de explotación e mantemento da estación de bombeo e tanque das Cagallas desde o 1 de xaneiro de 2020, conforme ao seguinte reparto de gastos:

a) Gastos xerais:

- Concello de Ares 25%
- Concello de Fene 50%
- Concello de Mugardos 25%

b) Gastos de electricidade:

- Concello de Fene 75%
- Concello de Mugardos 25%

Asemade Os concellos de Ares, Fene e Mugardos acordan que as facturas que se emitan pola xestión do servizo público de explotación e mantemento da estación de bombeo e tanque das Cagallas desde o 1 de xaneiro de 2020 ou as emitidas no marco do *contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de*





saneamento da Zona Norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (conducións e bombeo) Ares, Fene e Mugardos xiraranse a cada un dos tres concellos, nas porcentaxes que lles corresponda.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai un bombeo en Mugardos que está fora do contrato que o tiña que asumir Augas de Galicia así era o compromiso, de feito nos pregos da licitación Augas de Galicia excluíu o bombeo das Cagallas porque o ien a asumir eles pero agora deixaron de asumilo e hai que incorporalo ao contrato, a nós non nos afecta, afecta a Fene e a Mugardos e en consecuencia pois o incorporamos ao contrato para que a empresa que o xestiona teña a formalización da xestión precisamente de ese bombeo porque agora o están levando pero está fora de contrato entón hai que incorporalo ao contrato.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que si o acordo do 2019 está asumido e esta asinado pois hai que seguir adiante, os compromisos hai que asumilos.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que cando foi a adxudicación do contrato o noso grupo votou en contra porque se lle adxudicou por corenta ou oitenta mil euros e polo tanto seguimos o noso voto vai a seguir en contra, isto podería ser una excepción pero amos a seguir mantendo o voto.

Na súa virtude o pleno do concello acorda por 10 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 BNG), 3 en contra (3 do PP), acorda prestar a súa aprobación. aproba-la modificación do contrato de referencia nos seguintes termos:

Primeiro.- Inclúese no contrato a explotación e mantemento da estación de bombeo e tanque das Cagallas con efectos de 1 de xaneiro de 2020 co seguinte reparto de gastos :

a) Gastos xerais:

- Concello de Ares 25%
- Concello de Fene 50%
- Concello de Mugardos 25%

b) Gastos de electricidade:





- Concello de Fene 75%
- Concello de Mugaros 25%

Segundo.- O importe de dita modificación será para os tres Concellos de 8.602,72 €. Mensuais e 103.232,52 €. Anuais.

Terceiro.- As facturas que se emitan pola xestión do servizo público de explotación e mantemento da estación de bombeo e tanque das Cagallas desde o 1 de xaneiro de 2020 ou as emitidas no marco do contrato de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da Zona Norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (conducións e bombeo) Ares, Fene e Mugaros xiraranse a cada un dos tres concellos, nas porcentaxes que lles corresponda

Cuarto.- Notificar a presente modificación contractual a “SOCIEDAD ANÓNIMA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO” e presente no prazo de dez días aval bancario complementario polo importe do 5% da modificación operada excluído o IVE.

Punto núm. 6.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 11.- Mocións-Propostas

Dáse conta da moción presentada polo grupo PP “Convocar la plaza de Interventor” de data 26 de novembro de 2021, que a continuación se transcribe:

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR “CONVOCAR LA PLAZA DE INTERVENTOR”

Jose Manuel Cendan Fernandez, portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Ayuntamiento de Ares, con domicilio a efecto de notificaciones en la oficina que el propio grupo tiene en el citado Ayuntamiento.

EXPOSICION DE MOTIVOS:





El Ayuntamiento de Ares según el apartado 8 del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, está clasificado como de Clase segunda (Clase segunda: Secretarías de Ayuntamiento de municipios cuya población está comprendida entre 5.001 y 20.000 habitantes, así como los de población inferior a 5.001 habitantes, cuyo presupuesto supere los 3.000.000' de euros)

El Artículo 11. Intervención., del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, dice: las Entidades Locales cuya Secretaría esté clasificada en clase primera o segunda, existirá un puesto de trabajo denominado Intervención, que tendrá atribuida la responsabilidad administrativa de las funciones enumeradas en el artículo 4 de este real decreto.

Desde el año 2007 hasta ahora el Ayuntamiento de Ares tiene una población comprendida entre 5.001 y 20.000 habitantes y actualmente dispone de un Secretario-Interventor contraviniendo el Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

PROPUESTA:

Solicita a la Xunta de Galicia que cambie de clase al Ayuntamiento de Ares, de clase tercera a clase segunda en cumplimiento del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Solicitar a la Xunta de Galicia a convocar la plaza de interventor lo antes posible conforme al Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional para desempeñar la función de su artículo 4, Función de control y fiscalización interna de la gestión económica financiera y presupuestaria y función de contabilidad.

En Ares, a 26 de noviembre de 2021

Fdo.: José Manuel Cendán Fernández





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que esta moción presentada polo PP “Convocar a praza de interventor” quedou pendente, é certo que no anterior pleno pedín que se retirara para tratar nunha comisión, nos esquecemos e non se incorporou a ningunha comisión en consecuencia como non se levou a comisión porque non nos decatamos, a incorporamos agora ao pleno para que se debata aquí xa que non o fixemos en comisión, e damos a palabra ao voceiro do PP para que a expoña.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que presentamos esta moción porque o Sr. Secretario dende o 2008 (13 anos) ben reiterando a necesidade de cubrir a praza de interventor, si que é certo que o concello recolle nos orzamentos a partida e incluso cuantificase pero nunca se convoca. Nós nos comprometemos a mover este tema, cal foi a nosa sorpresa cando nos atopamos que no rexistro da Xunta de Galicia o concello de Ares consta como concello de terceira cando dende o ano 2006 o concello de Ares pasou de 5000 habitantes e grazas a iso nas elección do 2007 pasamos de once concelleiros a trece concelleiros, de feito somos un concello de segunda, polo tanto ao pasar de mais de tres millón de orzamento e ser un concello de segunda nos corresponde por lei cubrir a praza de interventor isto foi o que nos levou a presentar esta moción, o que queremos e que se reconduza e que se normalice esta situación que temos porque mirando a lei non é soamente o Sr. Secretario non o Interventor e que tomen se necesita un funcionario de habilitación nacional para tesourería que eu iso non o sabia, pero que saibamos todos que esa situación pechouse en falso, non se solucionou definitivamente non se asusta a lei, o tema de tesourería ten que ser un funcionario de escala Secretario-Interventor e de ámbito nacional iso é o que di o art. 8, 13 e 14 nos pedimos isto, isto é a lei non imos a debater si se arranxa unha rúa ou non, o que pedimos é que se cumpra a lei e que se notifique a Xunta de Galicia que a partir de 2006 pasamos de 5000 habitantes e polo tanto somos un concello de segunda e en segundo lugar, solicitar a Xunta, a Dirección Xeral de Administración Local que se convoque a praza de interventor, ese é o fin esta moción.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero manifestando que dende o BNG apoiase totalmente que se convoque a praza de interventor en atención a nosas peticións de anos anteriores que ademais sempre están avaladas polo informe do Secretario ou da Secretaría, basicamente é unha





decisión política hai que dicir si ou non, por lóxica habería que dicir que si dende o noso punto de vista como hai tempo vimos reclamando, e logo xa habería que seguir os trámites que houberse que seguir, o principio básico é dicir si a praza de interventor e tirar para diante cos tramites que sexan necesarios.

O Sr. Secretario pide a palabra para facer un matiz.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que o voceiro do PP solicitou o RD e foi entrégao, pero agora mirando o RD 58 que foi o que pediches din “que as tesourerías poden ser desempeñadas nunha transitoria sexta por persoal da propia entidade que é o caso de Mugardos, Neda, Valdoviño, Cedeira é dicir, con sete ou oito mil habitantes, a lei permite que sexa un funcionario propio da corporación.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o leu no real decreto.

Toma a palabra o Sr. Secretario dicindo que si, pero si vas ao réxime transitoria e di que non, que permite continuar tal cal estamos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que estamos nunca situación despois de catorce anos de goberno no que non fixemos oferta de emprego público en consecuencia teremos que estudar no seu momento pero efectivamente temos un interventor, o traballo se está a facer e non temos ningún reproche que facer, creemos que o Secretario-Interventor que ademais está recollido na RPT e cobra por esas funcións e en consecuencia nós imos a votar en contra da moción.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que quere facer una consulta ao Sr. Secretario porque isto é a leo non é una cuestión de opinións, a pregunta é si os concederon que voten en contra esta moción poden caer nunha prevaricación administrativa.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non, tanto como prevaricación non, a prevaricación é outra cosa.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a administracións locais están suxeitas ao ordenamento xurídico, e si a lei di que o concello de Ares é un concello de segunda e que temos a obrigaón de ter un interventor e non se fai estase incumprindo a lei.





Responde o Sr. Alcalde manifestando que esa é a túa interpretación, nos non vimos a votar a favor.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que poden votar o que queira, é maior de idade.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que esa é a túa interpretación.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que isto non é unha cuestión de opinións é a lei, a Ares correspóndelle un interventor dende o ano 2006 se non se quere cubrir a praza eu lle pregunto ao Sr. Secretario porque é a asesoría xurídica do concello, e hai que tomar unha decisión.

Toma a palabra o Sr. Alcalde a pregunta foi si eu no pleno te autorizo é así, tanta lei para algunhas cosas pero para outras non, nós imos a votar en contra da moción.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que están en todo o se dereito.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que en canto a nosa opinión sobre o interventor ou non interventor e a oferta de emprego público está por ver.

O Sr. Alcalde somete a moción a votación.

Sometida a votación a aprobación a moción presenta polo P.P. “Convocar a praza de interventor”, o Pleno do Concello por 5 votos a favor (3 do PP e 2 do BNG) e 8 en contra (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) acorda rexeitar a moción.

Punto 8ª.- Rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero primeira pregunta é, sobre a cámara que está instalada na caseta de información de turismo, quen a colocou e con que fin, nunha farola que está xusto diante da caseta de información e turismo.

Continúa a Sra. Brage Otero facendo referencia a Rúa Cisne (Porto) que son rúas moi estreitas e hai coches que están aparcados día si e noite tamén que impiden o uso doutros vehículos quero dicir, a iso hai que darlle unha solución porque xa non é una falta de respecto aos demais veciños e que si ten que pasar un camión de bombeiros ou ambulancia non pasan, o





día que o vin nin sequera se molestaron en achegarse ben a beira, estaba alí xusto no medio e era imposible pasar, habería que darlle solución a iso.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que sobre todo cando teñen a Avda. Saavedra Meneses para aparcar, perdón a Avda. Gabeiras e hai aparcadoiro de sobras é dicir, a escasos cinco metros hai onde aparcar e efectivamente se plantan no medio da rúa.

Intervén novamente a Sra. Carmen Brage dicindo que si necesita pasar una ambulancia que non coñece as rúas de Ares.

Responde novamente o Sr. Alcalde dicindo que por alí xa é difícil pasar, non so na Rúa Cisne senón que non é sinxelo xirar nese entorno, alí unha ambulancia ou un camiión de bombeiros non ían a ter ningún problema porque non ien a poder entrar é complicado, pero si é certo que senón se aparca no medio da rúa, pois aí tampouco se debería de aparcar sobre todo porque teñen a Avda. ao lado e teñen sitio de sobras, é certo esa situación porque eu o vin moitas veces pero tamén é verdade que ninguén ven a protestar, pero é certo que sucede porque eu o vin moitas veces, eu creo que é todos os días.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero manifestando que as dúas veces que pasou estaba e ademais xusto no medio.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención neste punto.

Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que non se falou sobre as resolucións, si se van a pasar por alto.

Responde a Sra. Barrón Ferro sinalando que xa se deu conta, agora podes pedir aclaracións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde aclarando que das resolución dáse conta, logo en rogos e preguntas podes facer as preguntas que queiras sobre elas.

Intervén novamente a Sra. Brage Otero facendo referencia a resolución 570/21 hai unha señora que se chama Mercedes que vive no Feal, non sei exactamente onde queda, que reclamou a anulación do recibo da recollida do lixo porque, porque si hai outras peticións de anulacións que si ven que se conceden porque a vivenda non ten nin auga ni luz, pero esta muller pediu a anulación do recibo e non se lle concedeu, en base a que, porque se supón que si a pediu foi en base a algo.





Responde o Sr. Alcalde sinalando que a causa é porque lle corresponde pagar a taxa, non procede o que ela dixo, cando nós estimamos a solicitude é porque non lle corresponde pagala e xa o di, estimar por erro non importe, estimar por ser unha vivenda unifamiliar e dispor dun só contador, estimar por carecer de subministros, aquí se desestima porque lle corresponde, non está incurso en ningunha das causas de exención.

Intervén a Sra. Brage Otero preguntando si o colector do lixo o ten a súa disposición.

Responde a Sra. Barrón Ferro dicindo que todos están a disposición.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que a razón para non pagalo tes que ter algunha causa e aquí non hai ningunha causa, por iso di que lle corresponde o pago porque non hai causa de exención, nin hai erros nin carece de subministros de auga e luz é dicir lle corresponde segundo o que di aquí que eu non me sento a facer estas resolucións eu estou enterandome aquí, pero pon claramente por corresponderlle o pago das correspondentes taxas, non ten causa de exoneración.

Intervén novamente a Sra. Brage Otero preguntando pola resolución 571/21 sobre o viaxe a Sevilla, para que é, é para a axuda da plantilla.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, isto foi porque nos invitaron na primeira regata que se fai en toda España en contra da violencia de xénero organizada polo Concello de Sevilla, hai unha asociación "Las leonas de Guadalquivir" que participa loxicamente en evento que dedica actividade de remo a rehabilitación de mulleres de cancro de mama, este programa vaise a implementar en Ares, e asesoramento porque a xente que queira participar este programa de recuperación que ten moito éxito en varias provincias andaluzas o leva a universidade de Sevilla e fai unhas medicións antes de empezar e despois pois o leva a practica e revela que é moi beneficioso para a recuperación das mulleres que sufran esa enfermidade, Isto non o podemos facer sen a colaboración do club de remo, en Sevilla faise co club de remo de Sevilla polo tanto primeiro, invitáronnos institucionalmente na participación da regata é dicir, foi a primeira trainera que remo no Guadalquivir e segundo, fomos a falar co responsable do programa de remo para mulleres con cancro de mama que leva "Las Leonas do Guadalquivir" en consecuencia eu fun alí e loxicamente páganme os gastos que tiver, alí vai o avión, o hotel dun directivo do club de remo, estivemos alí de venres a domingo, vimos o luns e por desgraza un veu sendo positivo e tivo una neumonía bilateral estivo ingresado e viña comigo ao meu lado no avión, chamáronme os rastreadores e fun correndo a facer o PCR pero ben, somos co





club de remo e eses son os gastos que eu anticipei, foron dous traballadores do concello porque a trainera foi por estrada e temen paguei o hotel deles.

Continúa a Sra. Brage Otero preguntando pola resolución 577/21 “Substitución da destrución dun coche retirado da vía pública pola súa ubicación ao servizo de vixilancia e control de tráfico de Ares” como pode ser verdade, recoller un vehículo que supostamente se ía a destruír porque o dono non o quere (iso foi o que entendín) e resulta que pasa da destrución a ser útil para o concello, iso foi o que entendín.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non ten nin idea diso.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que segundo a policía local, un vehículo que é un residuo sólido que o propietario non o quería e a policía podía dar uso, una cesión.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que seguramente o vehículo estaba na rúa e a policía lle dixo que levaba moito tempo na rúa e o propietario seguro que lles dixo que se quedarán con el.

Intervén novamente a Sra. Brage Otero dicindo que é unha marabilla, non sei en que condicións está, pero tampouco é tan vello.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que tamén cedeu un coche o concello fai catorce anos, e cada vez que o vexo por dentro, miña nai.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que o que lle estraña é que non lle sirva ao dono.

Responde novamente o Sr. Alcalde sinalando que como xa dixen o concello en concreto a concellería de obras ten un coche meu dende fai catorce anos que aquel momento pasamos un plan de axuste e tiñamos que tirar do que podíamos.

Continúa a Sra. Brage Otero preguntando sobre a resolución 598/21, solicitude de oposición de tratamento de datos persoais dunha persoa, señor/a porque esa persoa tiña dúbidas de que os seus datos non estaban protexidos.

Responde o Sr. Secretario dicindo que é un señor que recibiu unha chamada da policía local por un can, oponse a recibir chamadas e solicita identificación de onde se conseguiu o número de teléfono.





Toma a palabra novamente a Sra. Brage Otero en canto a resolución 591/21 como seguemos se coñecer os conceptos da facturas, unha factura de 1311€ do 20/10 de Hmnos. Porto de Paula.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é un desatascos dunha tubaría.

Continúa a Sra. Brage Otero preguntando pola factura de Comercial Mondeo do 5/12 na mesma resolución, 591/21.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que non ten nin idea.

Intervén novamente a Sra. Brage Otero preguntando sobre a factura de Control e Calidade, si é de Xantar na casa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non ten nin idea, estes detalles é mellor que as presentes por escrito ou vaias a tesourería porque eu estes detalles non os controlo, rógoche por favor que estas cousas as presentes por escrito e eu contéstache, pero así é imposible.

Continúa a Sra. Brage Otero preguntando en que beneficia ao concello a matrícula de Deusto.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que hai universidades que organizan cursos para alcaldes e ben, eu teño un curriculum como profesor universitario co que sempre consigo becas, o único que ademais que o ten, e subvencionáronme o 30% entón efectivamente teño o beneficio de que teño unha beca da FEMP para facer este curso e en consecuencia como o podo facer pois o fago porque gústame aprender.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero dicindo que lle parece moi ben a título persoal.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que o curso é de xestión público que é ao que me dedico como Alcalde é dicir, o curso ten que ver coa xestión pública non é un curso para coller ameixas, nin para pescar tiburóns, o curso é de xestión pública que é ao que me dedico como Alcalde por iso se lle ofrece aos Alcaldes, e eu son o único ao que me deron unha beca de todos os Alcaldes de España a verdade que me meto un tute porque teño que ir a Madrid e xa teño a vida bastante complicada, pero teño esa inclinación de aprender, veñen os fondos europeos, veñen moitas complicacións e eu quero estar enterado desa situación e hai unha universidade que me ensina.





Intervén a Sra. Brage Otero manifestando que segue dicindo que é a título persoal e non debería ser lóxico.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que asiste como Alcalde.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que xa o sabe.

Intervén o Sr. Secretario aclarando que vai como Alcalde e invitado pola FEMP.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que en todo caso, en rogos e preguntas non hai debate, ti fas a pregunta e eu respondo e punto si che gusta ben e senón che gusta pois non che gusta.

Remata a Sra. Brage Otero a súa intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia as resolucións do mes pasado que nun principio ien a tratarse na comisión de obras que aí se nos daría a información e despois a resposta foi que nos dirixamos a deputación provincial, a recadación porque son os que teñen os expedientes.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non entenden.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que no seu momento se nos dixo que nos ían a responder as preguntas sobre as resolución nunha comisión de obras.

Intervén o Sr. Secretario aclarando que son as resolucións correspondentes a unhas multas de tráfico nas que se estiman unhas alegacións que a policía motivou e el quere ver.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que unhas se estiman e outras non polo tanto, queríamos velas. No pleno anterior se nos dixo que poderíamos ver os expedientes na comisión de obras, chegou a comisión de obras preguntolle a Javi.

Interrompe o Sr. Secretario explicando que hai unha multa, alegan e a policía non se ratifica e a policía pon o porque.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando cal é o problema.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o problema é que non se me da esta información e aínda encima se me contesta a segunda vez que parece un cachondeo.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando que foi o que contestou.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que a resposta da Alcaldía foi que me dirixira a deputación que era a que tiña o expediente, o escrito está asinado polo Alcalde. Paréceme moi ben que a un concelleiro novo se lle conteste así, eu ben sei que non fuches ti, ti a asinaches sei que foi o policía local, pero tes que ter coidado pero a min isto paréceme unha tomadura de pelo e a min non me toma o pelo, el ten o expediente aí para ensinalo estime ou desestime o recurso o que non pode facer e mandarme a deputación, que eu o fine.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde sinalando que as multas as multas non as tramita o concello, as multas as tramita a deputación, nos enviamos as multas, a deputación envía a notificación e si hai un recurso o resolver a deputación.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si, pero quen fai o informe é a policía local.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si, a policía local fai o informe do requirimento da deputación.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que efectivamente é así, pero a min informáseme que se me vai a entregar na comisión e non se me da porque a policía non o quere entregar, paréceme unha tomadura de pelo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que ten as súas razóns, el fai o informe para a deputación e o expediente tramitouno a deputación ten a súa razón de ser, e como si ti pides un expediente de augas, eu fago un informe para Augas de Galicia e o expediente o tramita Augas de Galicia polo tanto eu fago un informe para a deputación e o expediente o tramita a deputación.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que pode ser que súa así, pero a policía local ten fotocopias do expediente da sanción, el a min non me vai a enganar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a policía non ten o expediente terá o informe, quen ten o expediente é a deputación, nos poñemos un boletín de denuncias da deputación, se fai a denuncia, a denuncia vai a deputación, se fai a alegación e a deputación pide informe.





Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si, pero na resolución di o xefe da policía local.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o expediente o ten a deputación e iso é o que queres ver.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que a policía local tamén o ten.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que efectivamente nas oficinas da policía local teñen o informe que foi remitido a deputación.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que ese é o informe que quero ver eu pero ben, eu solicitei a deputación a copia do expediente non a recadación, senón ao Presidente da Deputación porque na resolución que asinaches di que me dirixa a deputación polo tanto, eu fago un escrito ao Presidente da Deputación manifestando que o Concello de Ares remíteme a deputación para solicitar a copia do expediente e efectivamente darán resposta ao escrito e sei o que me van a contestar, vaime contestar que me dirixa a policía local porque o informe está nas súas dependencias.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que a súa opinión é que a deputación non vai ensinar este expediente porque non es parte interesada e nese expediente hai datos persoais e ti non es parte interesada para ver expedientes de sancións de ningún veciño/a, esa é a miña opinión porque para ver expedientes tes que ter interese lexítimo e o interese lexítimo non te lexítima a saber a vida de todos, eu estou convencido de que non van a darche acceso a expedientes de particulares porque efectivamente non tes interese lexítimo de saber a quen multaron e a que non, esa é a miña opinión.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que o interesado xa sei quen é que ben na resolución, esa información xa a teño.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que non interese lexítimo para ver a sanción de ninguén, ti sabes que me multaron e quen es ti para ver o expediente.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que vese na resolución, pero paréceme de broma que unhas alegacións se estimen e outras se desestimen, hai unha en concreto que foi a que me chamou a atención a policía local multa, fan a alegación dicindo que





a liña amárela non se vían ben e aceptase a alegación, isto é de broma a un se lles quita e a outros non.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que nos xulgados estase a gañar preitos por este tema, é máis eu estiven presente nun accidente en Vilar do Colo que hai dous sinais que non se ven, están queimadas polo sol e a Garda Civil recolleron no atestado esta incidencia.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que en relación a este pleno, moitas resolucións xa as comentou a concelleira, a maioría das sancións son do aparcadoiro de Chanteiro unhas alegacións foron estimadas e outras non, pois ben, no seu día cando empezou o verán acudiron alí a multar a todo o mundo e agora a maioría das alegacións foron estimadas, nós o dixemos e fixemos unha crítica naquel momento que o único que estábamos a facer era afastar a xente do noso concello e negocios que viven da praia que é un mes e medio e non e mais, a xente enfadábase e ibase, ao final as alegacións a estas multas estimanse todas, eu creo que estas ti detrás de todo isto e nós no seu día o dixemos, que non era productivo para este concello e menos para a xente que vive da praia mes e medio e ten que facer un peso.

En canto a resolución 589/21 eu creo que hai un erro na cantidade ou que me expliquen porque é unha multa de 1000€.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a razón da denuncia non ven na resolución, pero imaxino que é por non ter seguro ou ir en malas condicións conducindo, ten que ser por algo gordo.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que pode ser un erro, lle puxeron un cero de máis.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que non, que ten que ser algo gordo, aquí di estrada do Raso non foi unha multa por aparcamento, paráronlle conducindo é dicir, este foi alguén ao que pararon conducindo isto foi un problema gordo.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia ao alumeadado da Avda. Saavedra Meneses leva todos as festas sen funcionar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que foi debido ao roubo de cableado, tamén roubaron no aparcadoiro de Seselle e o intentaron no Parque Rosalía de Castro.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que esta noite tampouco había luz.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que esta noite volveron a intentar roubar e deixaron o cadro roto, están roubando cable en moitos sitios tamén roubaron no Numancia, aparcadoiro de Seselle e son centos de euros ornamentado porque ninguén orzamento para roubo de cable, estannos a facer un oco grande no orzamento.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando senón hai outro material que non sexa o cobre, como o aluminio.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde sinalando que esta é unha situación moi complicada e temos que ser cautos porque nos están roubando o cobre, é unha situación moi grave.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trece minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

